



Traballando luns nas dependencias de Diario de Pontevedra.

Convivencia escolar

## «Se se detecta unha situación hai que atallala desde o inicio»

Os tres protagonistas do café de redacción coinciden en que en Pontevedra «hai pouca conflictividade real» e no caso do IES Valle Inclán, por exemplo, «non temos problemas, afortunadamente».

«Podes facer protocolos para evitar problemas, pero tamén actividades que vinculen aos nenos co centro no que están, como o proxecto Recreo» que impulsou o Sagrado Corazón, un centro concertado que encabeza o ranking de colexios máis solicitados na cidade. O seu director afirma que os alumnos «están encantados de vir ao cole porque teñen moitas actividades á parte das académicas».

«Outra cousa é o que pasa fóra, nas redes...». Neste caso, subliña, «hai que ser implacable. Se se detecta unha situación hai que atallala desde o principio». Nunha circunstancia deste tipo «a familia é importantísima. Cando hai acompañamento o problema arránxase rapidísimo».

«Vivimos nunha cidade tranquila e iso axúdanos moito».

«Hai pouca conflictividade», co-

incide Freitas. «As redes, os móbiles... Algún problema puntual. Son cuestións menores que se solucionan rápido».

**TITORÍAS ENTRE IGUAIS.** Paco Barros engade que cada vez «temos máis equipos de mediación e titorías entre iguais. Vanlles servir para a vida real». A escasa conflictividade de Pontevedra respecto a outras cidades «fai que a cidadanía se involucre» e o mesmo pasa nos colexios. «Nos centros tamén temos que facer que o colexio sexa o lugar a onde van facer algo importante. Son espazos para compartir experiencias vitais».

Carballo admite que os proxenitores «temos que ter a obriga de actualización permanente, debemos ser conscientes de que hai que ensinar a usar o móbil e que en Internet todo queda rexistrado. Tamén é chamativo «engade» que en Pontevedra o caso máis grave de convivencia escolar sexa un conflito entre pais e mestres», en alusión ao acontecido no CEIP A Xunqueira II.

LOMCE e reválidas

## «Quen mellor que os profesores para avaliar se un alumno é competente despois de catro cursos»

Paco Barros sostén que hai docentes que «están mandando deberes, pero participativos», vinculados á técnica do 'flipped classroom', isto é, gravar explicacións en vídeo que os escolares visualizan nas súas casas para, ao día seguinte, na aula, facer exercicios e resolver dúbidas co mestre. «Xusto ao revés de como se viña facendo», o que supón «máis capacidade de motivación e menos conflictividade na aula. Iso significa traballo na casa. Temos que ser audaces en buscar solucións».

A Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa (Lomce) non podía faltar neste debate. Freitas admite que «é unha involución, volver a outras épocas». Despois de catro cursos de Secundaria, «quen mellor que unha xunta de avaliación, de doce ou trece profesores, para valorar se un alumno é competente ou non e ten que graduarse».

As reválidas (formalmente chamadas avaliacións finais) supoñen poñer «unha pexa» ao alumnado. «Se partimos da base de que todos van aprobar son innecesarias. Que imos facer con eses alumnos que rematan 4º de ESO ou 2º de Bacharelato e non aproban a avaliación

final? É case unha desautorización ao profesorado». Así, confían en que antes do 30 de novembro o novo Goberno acabe coa «incertidume vital» que, en palabras de Roxelio Carballo, afecta a «uns rapaces que están a piques de entrar na universidade».

«Probablemente sexa só unha avaliación diagnóstica en 2º de Bacharelato moi parecida á Selectividade», apunta Freitas. Tampouco teñen nada claro que pasará cos alumnos que suspendan a proba tendo aprobado 4º de ESO ou cos de 2º de Bacharelato, que non acadarían o título nin poderían acceder á universidade.

**UNIVERSIDADE.** O presidente da Fanpa sostén que «non hai por onde coller o das reválidas. É un arcaicismo insoportable, unha inxustiza tremenda. Hai quen di que un rapaz cun currículo brillante non vai suspender a avaliación. Si pasa. E non estamos para desperdiciar talento neste país».

«A propia Lomce, co concepto de final de estapa, está indo en contra co seu propio preámbulo, en contradición coas competencias», explica Paco Barros. «O curso de 2º de Bacharelato converteuse nun-

ha autoescola do coñecemento, na que están todo ano preparando a proba en vez de estar aprendendo. Cunha reválida en 4º da ESO están anticipando isto» e os docentes non poden evitar verse inmersos nesta voraxine. «O profesor, polo propio prurito profesional e polo interese do centro, ten que facer que os alumnos a saquen adiante. Así deixan de lado as destrezas».

Unicamente lle ve certo sentido ás de Primaria, pero como ferramenta de diagnóstico e sen que

**Roxelio Carballo**  
Presidente da Fanpa

As reválidas son un arcaicismo insoportable e unha inxustiza tremenda. Non hai por onde collelas»

**Paco Barros**  
Director do Sagrado Corazón

2º de Bacharelato converteuse nunha autoescola do coñecemento. Están todo o ano preparando a proba»

trascendan os resultados.

Toda esta revolución educativa, apunta Carballo, «naceu dunha campaña que dicía que en España había demasiados titulados e había que diminuír esa escada. Como parece ser que é moi caro porque despois devalúan os salarios, aceptouse como un axioma sen comprobación empírica».

Así, «quixera saber canto lle costaría unha reconversión industrial a este país sen tantos titulados universitarios. Nunca xamais sobrarán. Esta lei copia modelos europeos que agora se están desmontando», como o caso de Alemaña». Como sociedade, asevera, «estamos perdendo se currículos brillantes de Bacharelato se derivan á Formación Profesional».

**FINLANDIA.** Tanto Freitas como Barros lembran o «caótico» que resultou o inicio deste curso debido á incógnita que supoñían as presuntas reválidas, xa que desmontaban todo o calendario académico. A entrada en vigor da Lomce nos cursos que faltaban tamén supuxo a desaparición dalgunhas materias, a creación doutras novas, a complicación na convalidación... Así que o «frazo» á aplicación da

lei «paréceme ben», sostén Barros. «Hai que sentarse e falalo».

Carballo admite que é «difícil» separar a ideoloxía nestes ámbitos e mesmo fala do tan admirado sistema educativo sueco. «Tardaron dez anos en lograr un compromiso dos partidos» e «non se pode comparar» co caso español polas diferenzas demográficas e culturais. «Unha cousa sí lles copiaría: que para entrar na carreira de Ciencias da Educación haxa que sacar un nove de media». «E un test de personalidade -apostilla Barros-. Hai fatiga, hai presión, estás traballando con nenos e ese mundo de emocións tamén afecta aos profesores».

Así mesmo, o presidente da Fanpa aposta por incorporar aos pais ao proceso educativo. «En Infantil e nos primeiros cursos de Primaria os pais entran nas aulas e desde que o fan entenden moitas cousas. Elimínanse especulacións», apunta o director do Sagrado. Freitas tamén concorda. «Cando se lles explica o funcionamento do centro evítanse malentendidos. Se un alumno ten un comportamento disruptivo e os pais responden, automaticamente iso soluciónase. Afortunadamente temos poucos casos, pero se os hai veñen de familias desestruturadas. Cando unha familia funciona nunca hai problema, xa que a educación dos nenos é global. No colexio, no instituto e na casa».